



Plataforma Tecnolóxica
Galega Agroalimentaria

PLAFORMAS TECNOLÓXICAS ¿QUÉ SON?

As plataformas consisten na agrupación de unha serie de axentes relacionados cun sector e procedentes de diferentes contornos como universidades e centros tecnolóxicos, organismos públicos de investigación, organismos de apoio a innovación...

Estes axentes únense coa finalidade de acadar un salto significativo nun área científica tecnolóxica de importancia estratéxica, o liderado desta agrupación recaerá, normalmente nas industrias, centros tecnolóxicos e en casos excepcionais nos grupos de investigación.

As plataformas tecnolóxicas galegas son plataformas **sectoriais** de innovación, orientadas a sectores de actividades verticais produtivos, a sectores primarios e a sectores correspondentes a Tecnoloxías Críticas Transversais (TIC, loxística...)

O distintivo entre as plataformas galegas e as súas parellas españolas e internacionais, é a diversidade de tecnoloxías e liñas de investigación que abranguen as primeiras, contemplando todo o abanico de posibilidades relacionadas co sector.

ANTECEDENTES E OBXECTIVOS DA PTGAL

Ante as características particulares do sector agroalimentario galego e a escasa representación do mesmo nas plataformas tecnolóxicas europea e española, que se estaban a constituír neses intres, xurdiu a iniciativa de promover a creación de unha **Plataforma Tecnolóxica Galega Agroalimentaria**.

A visión da PTGAL consiste na **integración** dos esforzos en investigación entre tódolos axentes implicados no sistema agroalimentario galego. Cabe de agardar que, como consecuencia da integración dos recursos, se obteña unha mellora nas producións.

A PTGAL identificou seis eixes básicos de actuación que agrupan as prioridades científicas clave para Galicia nos vindeiros anos e que son:

- a calidade alimentaria e o procesado;
- a alimentación, a saúde e os consumidores;

- a xestión da cadea alimentaria;
- a seguranza;
- a produción sustentable de alimentos;
- a formación a comunicación e a transferencia de tecnoloxía

Dentro dos obxectivos finais da plataforma podemos destacar:

- Elaborar e manter unha Axenda Estratéxica de Investigación (AEI) correspondente as necesidades do sector.
- Ser unha plataforma que agrupe unha masa crítica representativa e optimizadora dos recursos de I+D.
- Potenciar a cooperación entre os distintos axentes do Sistema de Innovación galego, actuando como foro de aproximación multidisciplinar.
- Ser un medio xerador de recursos e impulsor de negocios sustentables, que favorezan oportunidades laborais estables no sector.
- Impulsar a participación en programas nacionais e internacionais das distintas entidades involucradas na PTGAL.
- Favorecer a realización de proxectos científico-tecnolóxicos singulares e de carácter estratéxico que se realicen de xeito cooperativo no marco das distintas AEI.

DINÁMICA DE TRABALLO DE UNHA PLATAFORMA

O modo de operar da plataforma é por medio de grupos de traballo, apoiados por dúas secretarías técnicas; unha agro-gandeira e a outra mar-industria. A misión das secretarías técnicas consiste no asesoramento ás propostas recibidas; ademais de manter informados ós membros da plataforma e de canalizar adecuadamente as comunicacións recibidas. Así, ante unha idea de proxecto, a secretaría deberá avaliar a proposta, asesorando:

- sobre a convocatoria que máis se adecúe;
- na busca de socios;
- na formación do consorcio;
- na redacción do proxecto.

MEMORIA DE ACTIVIDADES DA PTGAL

ANO 2006

- A primeira reunión tivo lugar en **outubro do 2005** coa finalidade de indagar sobre a conveniencia da súa constitución co fin de ter unha presenza ante a Xunta e ante as plataformas europeas e nacional.
- O seguinte paso foi a recollida de enquisas entre as partes interesadas e a elaboración de un documento de proposta de creación recollida no **"Documento visión"** que posteriormente serviría como base para presentar ante a administración.
- Posteriormente recádase a opinión da dirección Xeral de I+D sobre a iniciativa, sendo a mesma favorable.
- Marzo de 2006 convócase unha reunión para promover a constitución da plataforma. Preséntase o documento de **"Expresión de interese"** por medio do cal se pode manifestar a intención de participar nesta iniciativa.
- Abril de 2006 celébrase a asemblea de constitución e noméase o Comité provisional.
- Agosto de 2006 preséntase a solicitude, ante a Xunta de Galicia, para financiar as actividades do proxecto.
- Novembro de 2006: resolución positiva da Consellería de Innovación e Industria a nosa petición.
- Novembro do 2006 reunión para a planificación do traballo inmediato para presentar unha axenda estratéxica cara o mes de Outubro. Crease a web da plataforma www.ptgal.org a través da que se pode contactar e consultar os documentos e novas.

ANO 2007

- Febreiro 2007 celébranse o primeiro e segundo panel de expertos co fin de elaborar a axenda estratéxica.
- Marzo 2007 ten lugar a reunión do terceiro panel de expertos. Dende este momento, cólgase na web a enquisa para que poda ser cuberta polo maior número de axentes integrantes do sector alimentario. Unha participación axeitada garantirá uns resultados representativos para elaborar a axenda estratéxica definitiva.

Os pasos que se deron para concretar a axenda estratéxica tomaron como base o Documento visión, extraéronse entre os membros do comité as temáticas específicas, e sobre as mesmas, identificáronse aspectos que se quería valorar para a elaboración da axenda, por exemplo: nivel de prioridade, marco temporal...

Con isto elaborouse un guión de cuestionario que se propuxo para a discusión con paneis sectoriais integrados por 10...15 expertos. O panel estudiou a proposta do comité e ofreceu a súa valoración sobre o tipo de cuestionario. O cuestionario foi debatido antes de presentarllo o sector por tres paneis de expertos: panel Mar-Industria, ante o panel Agro-Gandeiro, e finalmente ó panel de Tecnoloxías Transversais. Ó remate destas reunións creouse o cuestionario definitivo que se presentou as empresas e que se pudo cubrir telemáticamente a través da nosa web.

- En abril do 2007 comeza o proceso de selección de persoal para a secretaría agro-gandeira, proceso que rematou en maio, facéndose xa operativa.
- O 23 de Maio do 2007 celébrase a Asemblea Xeral Anual da PTGAL e máis as primeiras Xornadas de I+D+i do sector agroalimentario en colaboración coa DXI que se poden atopar na web: www.ptgal.org. Nesta asemblea aprobouse a estrutura organizativa da Ptgál e o novo comité.
- Preséntase a solicitude de axuda para a consolidación da PTGAL o pasado 18 de Xuño na consellería de Innovación.

- No mes de xullo foi recollido o cuestionario sendo, como era desexable, que a maioría dos participantes foran empresas do sector. Unha vez realizados os estudos estatísticos pertinentes celebrouse o pasado 23 de xullo a derradeira reunión conxunta dos dous primeiros paneis, co fin de que os expertos puideran facer unha validación de conclusións cos resultados obtidos. A partir desa validación farase a presentación definitiva da axenda (estimada para novembro do 2007).
- En Novembro foi notificada a concesión da axuda solicitada e debidamente xustificada ante a Dirección Xeral de I+D+i. Tamén neste mes se procedeu a actualización e remodelación da web facendo dela un portal máis dinámico e de sinxelo acceso.
- O pasado día 3 de Decembro do 2007 a Ptgal presentou en acto público en Santiago de Compostela a **Axenda Estratéxica de Investigación** para o sector agroalimentario, que se pode consultar na web.
- Nestes intres atopámonos inmersos na elaboración do *catálogo dos servizos tecnolóxicos*, actualizado e sinxelo, que podemos atopar hoxe en Galicia e que facilitara o achegamento entre ás demandas tecnolóxicas da industria e a oferta das diferentes entidades. Outra das tarefas principais é a *dinamización de diferentes grupos de traballo*. Pola importancia acadada na A.E.I os grupos abertos son os seguintes:
 - Alimentos Funcionais*
 - Formación/Educación*
 - Novas Tecnoloxías de Procesado*
 - Valorización de Coproductos Descartes e Residuos*

Se vostede desexa participar nalgún destes grupos ou propor algún novo, contacte coas secretarías Técnicas info@ptgal.org. Tamén pode atopar máis información na web www.ptgal.org.

